

**COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO**

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xuño de 2021**

Ás 17.05 horas do día 17 de xuño de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

**Deputado de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Deputado non adscrito:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE MAIO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de maio de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 20 de maio de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista,** reitera a pregunta que fixo na anterior comisión, que non foi contestada, sobre as conclusións das reunións mantidas entre a Deputación e os grupos da oposición sobre o reto demográfico. Non se nos trasladou.

**A presidenta da comisión** recolle a pregunta e toma nota.

**Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** sobre o I plan de igualdade da Deputación, indica que por mor da pandemia moitos dos traballos previstos non foron posibles, e pregunta que accións se están levando a cabo neste momento, internamente ou exteriormente, accións formativas, de divulgación, de investigación, e quere saber tamén se se fixeron as avaliacións anuais previstas e os resultados que se obtiveron, e saber se pode ter acceso aos resultados das avaliacións.

**A presidenta da comisión** indica que recolle a súa petición e que lle contestará polos medios oportunos.

**Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista,** sinala que hai uns meses o presidente anunciou a creación dunha área de reto demográfico. Quere saber como está a creación desa área e que perspectivas hai sobre ela.

**A presidenta da comisión,** sinala que a área de reto demográfico está encadrada na área de benestar, da cal era e é a deputada. Consúltalle a D. Álvaro Vila se quere matizar a pregunta.

**Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista,** indica que o presidente anunciou neste salón de plenos a creación dunha área específica de reto demográfico e non nos consta que se creara esa área específica.

**A presidenta da comisión** responde que lle contestará cando dispoña desa información.

**Dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista**, indica que no Pleno do 31 de xaneiro de 2020, se acordou por unanimidade ter unha persoa para linguaxe de signos. Quere saber cando vai ser efectiva esta persoa.

**A presidenta da comisión** toma nota da pregunta e dille que se contestará, tan pronto se poida, polos medios oportunos.

**Dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista**, como fixo nos plenos de abril e maio, pregunta como se atopa o cumprimento do acordo para habilitar prazas libres e gratuítas no aparcamento do CHOU para enfermos crónicos.

**A presidenta da comisión** sinala que neste momento non lle pode contestar a esa pregunta, e que lle contestará á maior brevidade posible.

**Don Bernardo Varela López, do BNG**, indica que o presidente do Goberno do Estado recentemente fixo un anuncio dunha serie de medidas sobre o reto demográfico, e a “España vaciada”, que non acaba de callar, e pregunta se se concretaron esas medidas e se dende a Deputación se están a estudar as medidas e que concellos poderían acceder a estas medidas.

**A presidenta da comisión** sinala que toma nota da pregunta e que lle fará chegar a resposta. Engade que dende esta Deputación se está traballando e vostedes formaron parte dalgunha reunión de traballo. Tan pronto poida concretar sobre o que vostede pregunta, lle fará chegar a resposta.

E, ás 17.13 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.